

CUESTIÓN TEÓRICA 6 (OPCIÓN A)

OS LÍMITES DO
COÑECEMENTO EN
KANT

OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT

1. CONTEXTO HISTÓRICO, CULTURAL E FILOSÓFICO DE KANT.
 2. A IDEA KANTIANA DE ILUSTRACIÓN
 3. A SÍNTESE ENTRE RACIONALISMO E EMPIRISMO EN KANT
- 3.0 FORMALISMO MORAL.



CONTEXTO HISTÓRICO, CULTURAL E FILOSÓFICO

HISTÓRICO



ANTECEDENTES E CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA

o aumento do precio do trigo, desencadea unha hambruna que exalta aos mais desfavorecidos

O Estado sufría un déficit crónico

Exiselle á nobreza e ao clero que contribúa a remediar a situación

Fórmanse loxias masónicas que loitan polos dereitos das clases as que representan

As masas exaltadas asaltan a Bastilla.

Fórmulase a Declaración dos dereitos do home e o cidadán.

CONSTITUCIONE S

Prusia, con Federico II o Grande, acada a súa época mais gloriosa. Este monarca realizou unha fonda modernización do país

CONTEXTO HISTÓRICO, CULTURAL Y FILOSÓFICO

En Alemania, el rey Federico II, amigo de Voltaire e protector de J. S. Bach, inspirouse nas ideas da Ilustración.

Novas ciencias: química con Lavoisier; bioloxía con Linneo e electroloxía con B. Franklin

Divúlgase o saber a través da Enciclopedia (Diderot, Voltaire, D'Alembert)


CULTURAL

*“A ignorancia afirma ou nega rotundamente; I Ciencia dubida.”
Voltaire.*

ILUSTRACIÓN .- Século das LUCES (XVIII)



No arte destaca o estilo neoclásico.



En literatura, destacan Schiller e Lessing




CONTEXTO HISTÓRICO, CULTURAL Y FILOSÓFICO

FILOSÓFICO

NO ÁMBITO DO coñecemento, KANT REPRESENTA UNHA SÍNTESES ENTRE RACIONALISMO E EMPIRISMO:

NO ÁMBITO POLÍTICO, XORDEN AS TEORÍAS SOBRE O CONTRATO SOCIAL. EN KANT INFLÚE A IDEA DA BONDADE NATURAL DO HOME PROPOSTA POR ROUSSEAU.



NO ÁMBITO RELIXIOSO, EN ALEMANIA XORDE O PIETISMO, DENTRO DO PROTESTANTISMO, QUE AFIRMABA O VALOR DA CONCIENCIA INDIVIDUAL FRONTE AO DOGMATISMO DOUTROS CREDOS

CONTEXTO HISTÓRICO, CULTURAL Y FILOSÓFICO

NACE EN KÖNIGSBERG, NO
SEO DUNHA FAMILIA MOI
RELIXIOSA.


PERMANECEU SEMPRE NA
SÚA CIDADE NATAL,
DESTACANDO POLO SEU
CARÁCTER RÍXIDO E
METÓDICO. OCUPOU A
CÁTEDRA DE LÓXICA E
METAFÍSICA NA SÚA

DEDICA A SUA VIDA AO
ESTUDIO, DESTACANDO
POLOS SEUS
ASOMBROSOS
COÑECEMENTOS EN
TODOS OS ASPECTOS.

MORRE AOS 80 ANOS DE IDADE E DEIXA
PUBLICADAS OBRAS COMO CRÍTICA DE LA
RAZÓN PURA, E FUNDAMENTACIÓN DA
METAFÍSICA DOS COSTUMES



EVOLUCIÓN DO PENSAMENTO KANTIANO



Período precrítico (1747-1770)

- Interés predominante pola física (1747-1760)
 - Ten unha clara influencia de Newton e Leibniz
 - Céntrase no problema do espazo
- Interés predominante pola filosofía (1760-1770)
 - Afástase progresivamente do racionalismo estricto

Período crítico (1770-1804)

- Trata de solucionar o problema da metafísica
- Obras fundamentais
 - Crítica da razón pura (1781)
 - Crítica da razón práctica (1788)
 - Crítica do juicio (1790)

PROYECTO FILOSÓFICO DE KANT

Obxectivo → emancipación do ser humano por medio da razón

Kant plantea 3 preguntas fundamentais

→ Qué podo saber?

→ ¿Cál é o poder real da razón?
¿Cáles son os seus límites?
¿En qué se fundamenta o carácter universal da razón?

→ Que debo facer?

→ ¿É posible a liberdade cando todo o real está suxeito a leis mecánicas, universais e necesarias?
¿Si é posible, como debo actuar, por deber ou inclinación?

→ Que cabe agardar?

→ ¿é posible a inmortalidade?
¿Existe Deus?

Texto 1

. I.KANT; «Resposta á pregunta:¿Que é ilustración?» (Berliner Monatschrift, decembro, 1784). (Trad. de Rafael Martínez Castro, USC)

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. ¡Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, velaí a divisa da ilustración. Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (naturaliter maiorennes), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se encargaron bondadosamente do seu control... Para a persoa individual é daquela difícil dar saído dunha minoría de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme. Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo

Texto 2

I. KANT; Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia. [1] «Cuestión xeral dos Prolegómenos: ¿É posible, en xeral, a metafísica?» §4, 274; [2] «Conclusión: Da determinación dos límites da razón pura» §58, 360.


Así pois, asemade enfastiados do dogmatismo que nada nos ensina e máis do escepticismo que nada nos promete, nin tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa experiencia, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título da razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, consonte a cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: ¿É posible, en xeral, a metafísica? Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente (pois agora non damos por boa a ningunha), senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal ciencia. “Crítica da razón” designa aquí o verdadeiro camiño intermedio entre o dogmatismo, que Hume combateu, e o escepticismo que el, pola contra, quixo introducir: un camiño intermedio que non recomenda, tal como fan outros camiños intermedios, determinarse un mesmo de xeito, digamos, mecánico (algo dun e algo doutro), que a ninguén abren os ollos, senón un camiño tal que se poida determinar exactamente segundo principios.

O SABER CIENTÍFICO

Kant

pregunta

¿Qué podo saber?



Polo tanto, todo xuízo científico debe ser sintético a priori

O COÑECEMENTO

Para os empiristas

A orixe do coñecemento é a experiencia.
a experiencia é o límite do coñecemento.

Para os racionalistas

O ser humano posúe tamén ideas innatas, que non proceden da experiencia, que permiten o coñecemento do que está máis Aló de calquera experiencia posible.

Para Kant

Todo coñecemento comeza coa experiencia.

Non todo no coñecemento procede da experiencia.

O coñecemento é unha composición de

o que recibimos da experiencia.

o que producimos espontánea
mente ao recibir as impresións
sensoriais.

Coñecemento = síntese de elementos

a posteriori:

- proceden da experiencia
- o “dado” (pola cousa coñecida)
- a *materia* contido do coñecemento
- comezo de todo coñecemento

a priori:

- independentes da experiencia
- o “posto” (polo suxeito cognoscente)
- a *Forma* do coñecemento
- elaboración da “materia bruta” do coñecemento

TEXTO3

I. KANT, Crítica da razón pura (1787). Introducción. I-Da distinción de coñecemento puro e empírico.

De que o noso coñecemento comeza coa experiencia, diso non hai dúbida; pois, ¿por que outro medio ía espertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos, que por unha banda provocan por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa actividade intelectual para comparalas, ligalas ou separalas, transformando deste xeito a materia bruta das impresións sensíbeis en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia? Non hai, pois, na orde do tempo ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento. Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da experiencia. Pois ben podería ser que mesmo o noso coñecemento empírico fose un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa propia facultade cognoscitiva (apenas estimulada polas impresións sensíbeis) produce por si mesma, engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación. Hai pois, cando menos, unha cuestión necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar cunha primeira ollada: a de se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as impresións dos sentidos. Tal coñecemento denomínase a priori e distínguese dos empíricos, os cales teñen as súas fontes a posteriori, é dicir, na experiencia.



A SENSIBILIDADE

→ primeira facultade de coñecemento → capacidade de recibir representacións ao ser afectados polos obxectos do mundo.

→ Existen dous modos

— sentido externo → con él nos representamos obxectos no espacio.

— sentido interno → con él intuimos no tempo
Os nosos estados psíquicos.

→ Na sensibilidade hai

● una materia (empírica) → as sensacións (caóticas)

● una forma (a priori) → o espacio e o tempo

— que dan lugar al → fenómeno

→ Por tanto

→ O ser humano só percibe fenómenos.


→ Os noúmenos (as cosas en sí mesmas) son incognoscibles.

→ O mundo que coñecemos é só o mundo da nosa experiencia.

TEXTO4

I. KANT; Crítica da razón pura, (A51/B75-A52/B76) I. Doutrina trascendental dos elementos, 2ª parte: A lóxica trascendental.

Se chamamos sensibilidade á receptividade do noso ánimo (psique), para captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a espontaneidade do coñecemento, será entendemento. Á nosa natureza pertence que a intuición nunca poida ser máis ca sensible, é dicir, contén unicamente o modo cómo somos afectados polos obxectos. Pola contra, a facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separaralos coidadosamente e distinguilos entre si. Por iso distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica.




O ENTENDIMENTO

→ **é** → a facultade de xulgar os obxectos percibidos (fenómenos).
→ A facultade de xulgar.


→ **necesita** →
→ intuicións (percepcións) → nos “dan” o obxecto.
→ conceptos → nos permiten pensar no obxecto.

↓
para
elaborar →
un → **coñecemento** → **que é** → subsumir unha percepción nun concepto.

↓
formado →
por →
→ materia (contido do pensamento) → conceptos empíricos
→ forma (estructura do xuízo) → categorías



A RAZÓN





AS MATEMÁTICAS

→ todos os xizos matemáticos son a priori

→ Constrúense á marxe de toda experiencia

→ constrúense sobre
as intuicións de

espacio

→ xeometría


tiempo

→ aritmética

↓
por iso

↓
son aplicables
aos fenómenos

→ Son ciencia → porque constan de xixizos sintéticos a priori.



A FÍSICA

ciencia da natureza

→ conxunto de todos os fenómenos en canto están determinados por leis xerais.

Es de dos tipos

→ Física experimental

→ As súas leis son probables porque son tomadas da experiencia

→ Física pura

→ é ciencia

porque

→ As súas leis están compostas por xuízos sintéticos a priori

→ son universais e necesarias

exemplos

→ Principio de permanencia da substancia

→ Principio de sucesión temporal segundo a lei causal

→ Principio da simultaneidade segundo a lei da acción recíproca ou comunidade.



A METAFÍSICA

**Non é unha ciencia ni
Pode chegar a selo**

porque

é imposible un coñecemento das
cosas en sí mesmas

Non posuimos ningunha intuición dos
obxectos de coñecemento da
metafísica

- Alma
- Mundo
- Deus

la experiencia sensible es el límite de todo
conocimiento posible

pero

é inevitable como
“tendencia natural”

Ten unha función
reguladora

- Sinala os límites que
non se deben traspasar

- estimula a que a
investigación non se
deteña nunca